



Actuacións

*Nestes primeiros días de abril estanse a levar a cabo as actuacións previstas para mellorar a seguridade viaria na AC840 á altura de Dormeá. Neste punto a Consellería de infraestruturas e vivenda vai construír un carril de incorporación á citada vía nos terreos que ocupaba a antiga casa de peóns camineros mellorando a seguridade viaria da zona. O investimento previsto rondará os 60.000,00 € e ven a mellorar unha situación de risco que o Concello lle viña trasladando á Conselleira dende fai uns meses.

Distancias plantacións forestais

*Tralos graves incendios do mes de outubro pasado, a Consellería de Medio Rural fai especial fincapé na obriga de manter as franxas de protección previstas na Lei 7/2012 de Montes de Galicia (DOG Núm. 140 de 23/07/2012) que se prevén para a protección dos núcleos, vivendas illadas e pistas ou camiños municipais. **Incídese especialmente en que as persoas que incumpran ditas distancias poden ser sancionadas.** Anexo a este boletín teñen un resumo das distancias que se deben respetar aos núcleos de poboación e as pistas municipais.

O servizo de urbanismo esta dispoñible os luns e mércores en horario de 10 a 14 para resolverlles calquera dubida ao respecto desta e calquer outra consulta urbanística.

Servizos Sociais

* **FESTA DOS MAIORES 2018.** O sábado 12 de maio de 2018 celebrarase no Pabellón Municipal de Boimorto a Festa dos Maiores. O acto terá lugar ás 14:00 horas e **están convidados/as as persoas maiores empadroadas no Concello de Boimorto que teñan 60 ou máis anos.** Para poder asistir deberán recoller a entrada no Concello dende o 16 de abril ata o 7 de maio ambos incluídos.

* **ENVELLECIMENTO ACTIVO:** O día 25 de abril 2018 volveremos a ir ao balneario de Brión como ven sendo habitual as 15:00h. sairemos dende o Centro de Maiores. Os requisitos para poder participar son: Maiores de 60 anos ou pensionistas de Seguridade Social (en calquera das súas modalidades) ou cónxuxes dos anteditos e empadroados no Concello de Boimorto. Para poder anotarse chamar ao Concello (981 51 60 20) temos un máximo de 25 prazas.

* **PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA:** O prazo para a renovación de matrículas está aberto dende o 12 de marzo ó 12 de abril (ámbolos dous incluídos).

O prazo para as novas inscricións para o curso 2018-2019 será dende o 12 de abril ó 22 de xuño (ámbolos dous incluídos).

Información nos servizos sociais do concello dende as 12:30 ata as 15:00 ou chamando ó teléfono 981 516075.

* **"LIBROS PARA SERMOS LIBRES":** A área de cultura da Deputación da Coruña organiza a campaña "Libros para sermos libres" para conmemorar o Día Internacional do libro. Con esta iniciativa pioneira a Deputación quere promover a lectura e entregará ó concello un lote de libros para repartir entre a poboación. Para elo, animamos a todas as persoas que estén interesadas en recibir este agasallo a que se acheguen o día **23 de abril ás 11:00 h ó Centro Social Municipal de Maiores.** Se o tempo o permite habilitarase unha mesa no exterior do centro para facilitar o reparto.

* **ESTREA DA OBRA DE TEATRO: "AS SOSPEITAS DO ANICETO"** Despois dun parón escénico, o grupo de teatro "Trécolas" do Centro Social Municipal de Maiores estrea "As sospeitas do Aniceto" unha versión libre de sainetes de José Cedena, para pasar un bo rato toda a familia.

O estreo será o sábado 5 de maio ás 20:30 h na Casa da Cultura.

* SERVIZO DE ATENCIÓN ÁS DIFICULTADES DE MEMORIA

As persoas interesadas en participar neste servizo poden informarse no concello (Departamento de servizos sociais) ou a través do seu médico de atención primaria.

Albergue de Baiuca

*Nesta Semana Santa volveu abrir as súas portas o albergue público de Boimorto, que xestiona dende principios de ano o Xacobeo. Previo a esta apertura tivemos o pracer de recibir en Boimorto un grupo de mozos/as de diversas nacionalidades que baixo o paraugas da Universidade de Santiago estiveron a facer o Camiño Norte de Santiago. Na súa travesía viñan estudando a potencialidade e as deficiencias que, dende os distintos puntos de vista do camiñantes, había que tentar remediar. Foron recibidos pola alcaldesa que lles transmitiu o seu agradecemento por facer noite na nosa vila e que gozaran da súa estancia na nosa comunidade.



Deportes

* **Campionato Zonal de Bádminton:** O sábado 7 de abril os rapaces de Boimorto inscritos na actividade de Badminton participaron no Campionato Zonal de Badminton que se celebrou no noso Concello acadando os seguintes resultados:

- Categoría prebenxamín gañadora Xiana Chorén.
- Categoría benxamín feminino Noela Barreiro 2ª, Aldara Mosquera 3ª e Celtia Varela 5ª.
- Categoría benxamín masculino Daniel Buján 4º.
- Categoría alevín feminino gañadora Mara Costoya.
- Categoría infantil feminino gañadora Silvia García, Laura del Carmen Díaz 2ª e Sabela Lois 3ª.
- Categoría infantil masculino Iñaki Gayoso 2º, Ismael Regueiro 5º e Alan Ioannu 9º.
- Categoría cadete feminino gañadora Xoana Ares, Marta Peteiro 3ª e Lúa Costoya 6ª.
- Categoría cadete masculino gañador Luis José Díaz.

Participaron un total de 60 rapaces/zas dos Concellos da nosa comarca.


Póden ver as fotos no facebook do Concello: <https://www.facebook.com/concello.deboimorto>

Info adicional


*A comisión de festas de Boimorto deste ano 2018 organiza o vindeiro 20 de abril a iso das 9 e media da noite unha gran churrascada. Ao remate da mesma terán, nunha carpa no campo da festa, a orquestra Ritmo Joven que amenizará a noite.

Vivendas e núcleos

Vivendas illadas



Núcleos de poboación



A protección é a mesma para vivendas illadas que para núcleos de poboación: Nos primeiros 15 metros non poderá haber ningún tipo de plantación e dende estes 15 metros ate os 50 poderá haber plantacións de frondosas recollidas no anexo I da citada lei, mais estas plantacións teñen que **cumprir as seguintes características:**

- Xestionar a Biomasa
- Unha separación mínima entre plantas de 7 m.
- Estar podados de xeito que non se toquen as copas entre si

O punto de referencia para comezar a medir será a liña exterior do núcleo e no caso do vivendas illadas dende a parede exterior da vivendas ou alpendre da mesma.

Pistas e camiños municipais



O viario municipal, e dicir, todas as vías tanto forestais como entre núcleos de poboación, están protexidas pola citada lei. As distancias mídense dende a arista exterior da cuneta e deberanse deixar 2 metros para plantacións das frondosas recollidas no anexo I da lei e 4 metros para o resto de plantacións.